


XOSÉ-AFONSO ÁLVAREZ
DAMIÁN SUÁREZ VÁZQUEZ
DAVID RODRÍGUEZ LORENZO

*Unha aproximación os ditados tópicos
coruñeses nos materiais do “Diccionario
geográfico popular de España”*



IRIA FLAVIA
Primavera MMX

De "EL EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA"
nº LXI. Primavera MMX

*Tirada aparte de sesenta
ejemplares numerados*

Ej. nº 3

Unha aproximación ós ditados tópicos coruñeses nos materiais do "Diccionario geográfico popular de España"

Como é sabido, Camilo José Cela non limitou a súa obra á escrita literaria, senón que, compilador omnívoro, emprendeu numerosos traballos de recolla das máis diversas informacións, prestando especial atención, dentro desa febril actividade, ás diferentes manifestacións da cultura popular por toda a xeografía española. Sobresaen os seus varios libros de viaxe (*Viaje a la Alcarria, Del Miño al Bidasoa*, etc.), pero non descoida CJC o seu interese por todo tipo de datos lingüísticos existentes nos diferentes territorios estudados, pois quixo recoller o que definiu como "la más desnuda y frágil huella del hombre, su voz nombrando o no más que aludiendo al otro hombre que ve y a su paisaje doméstico y familiar" (DGP: 17)¹ e que, bebendo da tradición, denominou *ditado típico*, un amplo concepto que abrangue xentilicios, alcumes ou calquera enunciado (cantiga, refrán, etc.) que conteña algún topónimo ou faga referencia ós poboadores dunha localidade.

Como calquera proxecto emprendido por Cela, o *Diccionario geográfico popular de España* (DGP) caracterizábase pola súa ambición, pois a intención era recompilar información referida a toda España de forma exhaustiva, esixencia que ía requirir numerosas enquisas no terreo. Axiña constatou o académico iriense que sería imposible culminar a empresa en solitario, ou con axudas esporádicas, como a de seu fillo, que entrevistou algunhas zonas da provincia de Madrid. O problema resolveuse pedindo a axuda dun dos poucos colectivos que tiña acceso a todo o territorio español, incluídas as zonas rurais peor comunicadas: o corpo de carteiros. Con este propósito, CJC enviou ás Xefaturas de Correos, para o seu reparto entre os traballadores postais que servían as distintas poboacións, un cuestionario que pedía información sobre os xentilicios e alcumes da propia localidade e das vilas ou aldeas lindeiras —é sabido que o enxeño popular é máis vivo en cualificar os veciños do que describirse a si propios—

¹ *Diccionario geográfico popular de España*, I. Introducción a la dictadología típica: España. Madrid: Noesis, 1998.

ou tamén doutras máis afastadas. Esta enquisa produciu entre trinta e corenta mil fichas (hai moitas que non teñen interese para o DGP pois están en branco ou non conteñen datos relevantes), conservadas actualmente na Fundación Cela en Iria Flavia. En anexo reproduciránse algunhas destas fichas.

Camilo José Cela chegou a ser, durante seis anos, Catedrático de Literatura y Geografía Populares —área de coñecemento creada exclusivamente para dar acubillo ó seu maxisterio universitario— nas Illas Baleares, e mesmo codirixiu unha tese de doutoramento nesta disciplina. Porén, CJC non chegou a completar o seu proxecto, pois dos oito volumes do DGP planeados polo escritor galego, apenas chegou a aparecer, e xa no 1998, o primeiro, que é unha introdución ó campo de traballo e unha recolla de *ditados tópicos* que conteñen a palabra *España* ou o xentilicio *español*.

O 16 de xullo de 2008, a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto da Lingua Galega, asinou un convenio coa Fundación Camilo José Cela para dixitalizar, estudar e divulgar as enquisas compiladas polos carteiros no territorio galego. Este rico material consta de 1569 fichas, aínda que non todas son aproveitables, pois 231 están en branco ou proporcionan información irrelevante para os nosos propósitos; o reparto provincial é o seguinte: 272 para A Coruña, 309 para Lugo, 372 para Ourense e 385 para Pontevedra. Ademais das fichas, dixitalizouse tamén outro material complementario, de vario tipo, como a correspondencia establecida entre CJC e diferentes carteiros ou eruditos locais que estes lle indicaban, coa finalidade de agradecer as informacións recibidas ou de completar algún dato.

Cada unha das 1569 fichas foi escaneada e etiquetada co nome da localidade, parroquia e concello en que foi recollida a información nela contida, un labor que non sempre é doado, dun lado porque non sempre os carteiros dan toda a información necesaria para a identificación do lugar, e do outro porque a riqueza toponímica do noso país favorece que haxa moitas denominacións practicamente idénticas, e nalgúns ocasións non é doado determinar a cal se está a facer referencia en cada momento. A seguir, as 1338 fichas con información relevante foron transcritas e o seu contido tratado nunha base de datos, que permitirá unha fácil explotación dos materiais. A seguir, daremos unha mostra de datos referentes á provincia da Coruña.

Para crear os alcumes que identifican os habitantes das diferen-

tes localidades, os falantes poden acudir a aspectos moi diversos. Por suposto, as especialidades e produtos típicos de cada terra teñen un peso importante. Así, os de Mugardos son os *pulpeiros*, pois alí o polbo é preparado seguindo unha receita propia que ten moita sona na bisbarra, e que é merecente mesmo dunha festa culinaria no mes de agosto. Os naturais de Maniños (Fene) son os *miñocos*, a partir do nome dese cebo para a pesca. Outros exemplos deste tipo son: *rabi-ceiros* (San Pedro de Visma, Coruña), *repoleiros* (Bens, Coruña; e tamén As Pontellas, Betanzos); *os da cereixa* (Cespón, Boiro) ou *pataqueiros* (Meirama). Por suposto, os paisanos de CJC, nacido no concello de Padrón, reciben o nome de *pementeiros*, a causa da popular planta que traspasou as nosas fronteiras.

Outro procedemento moi usado é o de referirse a oficios e produtos típicos na localidade en cuestión. Así, os de Santiago son *picheleiros*, os de Entrecruces (concello de Carballo) son *cesteiros*, mentres que os de Buño, nese mesmo municipio, xa son *oleiros*, e os da parroquia de Razo, *mariñeiros*. Mentres tanto, os veciños de Noia son *zapateiros*, como se indica nunha cantiga moi coñecida nas terras galegas: *O cura de Vigo é xastre, / o de Marín, mariñeiro, / o de Ourense, afiador / e o de Noia, zapateiro*. Claro que, comparando curas, tamén hai quen diga que *o cura de Corme é xastre, / o de Malpica é mariñeiro, / o de Pazos, labrador / e o de Cesullas, gaiteiro*. Ás veces pode non estar moi clara a razón do alcume, pero o carteiro pode engadir unha nota que o explica. Así, dise que os de Morás (Arteixo) son *queiroeiros* e na ficha relátase que os naturais desa parroquia se dedicaban a recoller queiroa, planta abundante nos montes da localidade, que secaban e levaban a vender á Coruña, pois era moi boa para prender o lume na lareira.

Os animais que abundan nun lugar son tamén unha boa cousa para a que ollar á hora de compoñer un alcume e, así, os de Pumar (A Castañeda, Arzúa) son *galiñeiros*, os de Taragoña (Rianxo) son *cancrexeiros* e os dos Casás (Cerdido) son *tabaos*. Tamén é habitual que se fale dos alimentos característicos do sitio, como acontece cos de Bastavales (Brion), que son *boroeiros* por comeren pan feito con fariña de millo.

Algúns dos alcumes antes expostos xa deixaban entrever malas intencións, pero outros son aínda máis inofensivos, non se deixa escapar unha oportunidade de descualificar os veciños. Así, os de Carballo son chamados *moinantes*, é dicir, persoas que andan polas feiras,

vilas e aldeas, ás veces vendendo, ás veces enganando á xente de moitos modos e maneiras. Facendo un xogo de palabras co nome da localidade, os habitantes de Revoltas (Cabana de Bergantiños) son tratados de *revoltosos*, pero é peor o destino dos da parroquia de San Breixo de Oza, en Carballo, xa que son denominados *carrachentos*, como se estivesen infestados de parasitas.

Alguns carteiros son especialmente xenerosos nas notas e observacións ofrecidas para explicar o alcume en exame, se ben algunhas das explicacións parecen achegarse máis ó campo da lenda có da realidade. Dísenos que os habitantes de Palmeira (concello de Ribeira) reciben o alcuño de *ronzadores* e para explicala anota o carteiro na súa ficha: *Según versión antigua, dos hombres de Palmeira, en estado de embriaguez, quisieron trasladar (ronzar) de lugar la iglesia empujándola. Sacaron las chaquetas y se pusieron manos (léase hombros) a la obra. Pasó por allí un chusco y se llevó las chaquetas. Cuando nuestros hombres, luego de empujar un rato, notaron en falta las chaquetas, dijeron: —Vamos bien, ya no se ven las chaquetas. Desde entonces reciben el nombre de ronzadores los habitantes de Palmeira, por este hecho.*

Aínda que a maioría dos datos incluídos nas fichas son xentilicios e alcuños, non se esgota alí a mostra. É frecuente o uso de topónimos en refráns de moi distinto tipo. Calquera persoa sabe que *a San Andrés de Teixido vai de morto o que non vai de vivo* ou tamén que *cando chove e fai sol, anda o Demo solto por Ferrol*. É raro que alguén non oíse tamén a seguinte advertencia “turística”: *En Ares non te pares / en Redes non te quedes / en Caamouco para pouco*. Pero tamén existen admonicións e consellos bastante máis específicos, como o que di que *das vacas de Mandaio e nenas de Cesuras, aparta delas como de Xudas*.

Dentro das cantigas, hainas máis ou menos inocentes, como aquela que di que *Dende o Chán dos Bailadores [Monte de Banzas] / vese lonxe no fondal / a igrexa de San Ourense / E a ermida do Rial*. Pero é nas comparacións, coplas ou cantigas que contraponen varias localidades, moi presentes nas recollas dos carteiros para CJC, onde se aprecia o maior enxeño popular no escarnio do veciño, e moitas veces tamén na exaltación do propio. Todo galego oíu a seguinte copla, que conta con innúmeras variantes ó longo de todo o país. En Curtis recolleuse *Os de Curtis mataron un burro, / os de Teixeira comérono crudo, / i-os de Fisteus mandaron recado, / que lles gardaran a punta do rabo*. Cambiando só as localidades, na ría da Arousa escóii-

tase que *Os do Castelo mataron un burro, / os do Caramiñal comérono crudo, / os de Palmeira izaron bandeira, / para comerse a tripa cagueira*. Pero en Feás xa é distinta a cousa, a comida permanece, pero cambia a rima: *Os de Feás matan a bestia / os de Coruxou cómena fresca, / Churio, Muniferral e Cambás / non valen cen réas*, etc.

Outro exemplo de cantiga comparativa é a seguinte: *Becerreiros de Brión, / racheiros de Santomé, / capatoxas de Trasmonte, / do demo mentira é*. Tamén se canta que *en Ares hai boas mozas / en Mugardos, a flor de elas / en Chanteiro, refugallo / en Cervás, todas son vellas*. Pero hai outros modos de comparación. Xa se sabe que a feira cóntase segundo lle fose nela ó relator, e algo semellante acontece coas cantigas. Dependendo do autor, unha aldea pode ter máis ou menos atractivo e, así, para Santa Cristina de Barro, parroquia do concello de Noia, hai quen diga que *aldea de Santa Cristina / aldea que de todo ten / boa mazán, boa pera / e boas mozas tamén*, pero tamén quen lle contraponha o refrán oposto: *Santa Cristina, nin boa vaca, nin boa veciña* ou cante que *Aldeíña de Santa Cristina / aldea de poucos homes / e os pouquiños que quedan / chámanlle remendafoles*.

Cremos que esta pequena mostra xustifica o interese do proxecto de edición dos materiais galegos do *Diccionario Geográfico Popular*, que contamos ver en breve na rede, ó alcance de todos os interesados. Nunha segunda fase está prevista a incorporación doutros materiais, procedentes de refraneiros, cancioneiros ou, mesmo, da colaboración dos propios habitantes, que queiran perpetuar así este rico patrimonio cultural.

XOSÉ-AFONSO ÁLVAREZ
DAMIÁN SUÁREZ VÁZQUEZ
DAVID RODRÍGUEZ LORENZO
(Instituto da Lingua Galega, Universidade
de Santiago de Compostela)

DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad Cezceda
2. Ayuntamiento y Provincia Cezceda Coruña
3. Comarca natural Ozdeus
4. Administración de Correos Cezceda

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son madriñenos o matritenses.)

nombre mas corriente Cezceda

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son gatos o ballenatos.)

el apodo mas corriente es Bezeiros

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

Los del Pueblo de Meizma les llaman de apodo Patagueiros

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

para Cezceda mi vida cualquier aire me leba de Cezceda para de fante ni Aire ni Casa
Boullera



DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad Cerdido
2. Ayuntamiento y Provincia Cerdido-Coruña
3. Comarca natural Cerdido
4. Administración de Correos Ferrel

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son madriñenos o matritenses.)

¿Cerdidenses?

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son gatos o ballenatos.)

Os da Pia Ancha (Fundación benéfica que existe en Cuba y que tiene en el cementerio de Cerdido la tumba del fundador). "Os do Porco" (1)

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

Monteje-Ayuntamiento Cedeira- "Os da Orden" perteneció en su mayor parte a Marquessado S. Saturnino "Entoxano" en esta zona despectivo

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

(1) "Os do Porco" se refiere tambien a los de Cerdido, la Yglesia tiene por el exterior un puerco grabado en piedra y se dice que se pagaban tributos a la Yglesia con ellos.

Una gran parte del Ayuntamiento de Ortigueira se llama Cendado son varias parroquias y se dice por los conternos del Condado.

"Do Cendado nin xente nin gado"

DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzque de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad BARALLOBRE
2. Ayuntamiento y Provincia FENE - CORUÑA
3. Comarca natural BARALLOBRE
4. Administración de Correos FERROL
5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son madrileños o matritenses.)
BARALLOBRENSES NATIVOS DE BARALLOBRE

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son gatos o bailenatos.)

BARALLOBRES PERIGA DE QUE BARALLOBRE ES LOCALIDAD
MARINERA Y MARISQUERA Y ABUNDA LA BARALLOSA UN PEZ DIMITUTO
DE AHI VIENE EL APODO. Y LA RIMA AL MISMO TIEMPO.

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

MANIÑOS - MANIÑENSES DE APODO, MIÑOCOS, POR SER
LAS PLAYAS DE ESTA LOCALIDAD ABUNDANTE EN CEBOL DE PEJCA LA
PIROCA DE MAR.

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

COPLA DA BARALLOBRE ESPERAN HA SUS MARINOS
BARALLOBRE ES BARRIO ENCHANTADOR HA QUE LLEGUEN DE LA MAR.
EUNA DE MARINOS NIDA DEL AMAR.
DIJA DE MUJER BELLOS Y ENXACIAS.
AGUARDOS DE FLOR EN CUERPOS HORMEJ.

1
POR ESO LAS CHICAS GUARDAS
CUANDO SALEN HA PASAR

15590 100-Pedro II, 10-Palma

BARALLOBRE DE COSTUMBRES MARINERAS Y DE BUENOS
MARINOS, SU RIA QUE ES TODO EL LITORAL FERROLANO
ES RICA EN MARISCOS, COMO LA ALMEJA, VIEIRAS, MINCHA,
NAVAJAS, Y BERBERECHO.

AL TERMINO DE LA VEDA MARISQUERA ARBOLAN SUS
LANCHAS Y SE LANZAN A LA CAZA DEL BESUGO Y OTROS
PECES, PARA PODER SUSITIR EN ESA TAREA COTIDIANA
QUE ES LA PESCA, Y TRAER HA LA LONJA SU SUSTENTO
DEL DIA.

BARALLOBRE ES UNA ALDEA DE 3.500 HABITANTES
APARTE DELA PEJCA, TIENE LOS RITILLEROS 'ASTANO'
QUE CONLINDA CON LA DEICINA 'PARROQUIA DE PERLIO'
AL NOROESTE DE GALICIA.



DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzque de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad *San Martín de Cobas* 2. Ayuntamiento y Provincia *Ferrat del Caudillo La Coruña*
3. Comarca natural *Galicia* 4. Administración de Correos *Centro Ferrat del C*
5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son *madriñños* o *matritenses*.)
"a Cobacheros"

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son *gatos* o *ballenatos*.)

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

Limitrofe a esta localidad San Jorge vulgarmente se les llaman "Chaseos"

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

Esta es una localidad veraniega que cuenta con veinte km. de costa toda playa menos seis de acantilado que las divide en dos cuyo acantilado es la parte que se eleva quit de altura al feto de rocas marítimas llamadas de Palo Priar. Además cuenta con un complejo turístico vapor para alojar mas de quinientas personas con restaurant, sala de fiestas y

1970 1970 1970 1970

Segun

Servicio propio de Autocar. despues de esto se cuenta con varios restaurantes de menos importancia. además cuenta esta localidad con un servicio de buses de cada hora con el Ferrat del Caudillo.

*Con un apre Saludo
Cobas 6. abril de 1971
El Cartero de Cobas*



DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copla, aunque encierre palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad EL BARQUERO.-
2. Ayuntamiento y Provincia MAÑÓN - CORUÑA
3. Comarca natural LAS MARINAS
4. Administración de Correos ORTIGUEIRA.-

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son madrileños o matritenses.)

"OS BARQUEIRESES" O "OS DO BARQUEIRO"

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?
(En el sentido en que los de Madrid son gatos o ballenatos.) "CASCARILLGROS"

YA NO SE USA, PERO ESTE APODO FUE PUESTO POR LA GENTE DEL PUEBLO VECINO,
EL VICEDO. SIEMPRE HUBO CIERTA RIVALIDAD ENTRE OTOS DOS PUEBLOS.-

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

VICEDO = "OS DO VINTEIN"


8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copla en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

"EN BARES HAY BOAS MOZAS, NO BARQUEIRO ESTÁ A FLOR DE LAS, E EN
CHEGANDO A O VICEDO CARAVILLAS PRA CANCELAS".-

"BARQUEIRO QUE VAS NA BARCA, DÍLVETE QUE VAS PERDIDO, QUE ESA
MULLER QUE TI LEVAS E CACABA E TEN MARIDO".-

"SANTA MARÍA DE BARES DIANOS O VENTRO EN POPA QUE TRAEIROS
A VELA ROTA", E SOMOS OS DO BARQUEIRO"...

13280 1-00- Pedro II, 19- Palma



EL BARQUERO: provincia de La Coruña, ayuntamiento de Mañón

Geográficamente el punto más septentrional de España es la Estaca de Bares con su pintoresco pueblo marinerio declarado lugar natural de interés turístico nacional.

A siete kilómetros se encuentra el Barquero, que podríamos llamar el centro burocrático y comercial de Bares y otras aldeas vecinas como Riberas del Sor, Mañón, Mogor,...

Es además un pueblo de esos que los turistas califican de "muy bonito, muy pintoresco, ...": Sus casas situadas en la ladera de una montaña se van escalonando hasta acabar en un precioso puerto pesquero. Todo esto metido en la ría y nada más parecido a un fiordo noruego. Es justa, no hay duda, la calificación de los turistas. Hagamos un poco de historia:

El propio nombre del Barquero tiene un origen muy significativo y real: es el último pueblo de la provincia de La Coruña (por el norte), la provincia lucense queda separada por la ría y a continuación un río, el río Sor. Pues bien, antes de ser construido el actual puente había una familia de Barqueros que se encargaban de pasar la gente al otro lado del río: de ahí su nombre.

Según mis últimas averiguaciones el "moderno" pueblo del Barquero data del siglo XVII. Digo "moderno" porque Bares (otro puerto de la ría) en tiempos de los fenicios era un importante puerto comercial, muestras de ello son ciertos monumentos y objetos encontrados por el ilustre arqueólogo José Maciñeira.

Las fuentes económicas de este pequeño pueblo de cerca de dos mil habitantes son la pesca, la agricultura y también, desgraciadamente, la emigración: la pesca de bajura y el marisco suelen proporcionar a bastantes familias unos ingresos más o menos rentables. La agricultura está basada en el minifundio típico. Cada familia cultiva lo que come; no hay, apenas, comercio. La emigración al extranjero está muy agudizada, tanto, que hace disminuir la población. A pesar de ser un lugar natural de interés turístico; no es éste el factor significativo de la economía, si bien se nota algo en los meses de verano. Las causas son de procedencia muy heterogéneas.

Quisiera contribuir con este Breve escrito a la petición de tan eminente personaje de las letras españolas, Siento que mis escasas dotes literarias no hagan una visión más perfecta de la cuestión. Para cualquier otra información puede dirigirse a la Agencia Postal de El Barquero.-

Vicente Polo Maragoto.-

(de Coruña)

Vicente Polo Maragoto

DICCIONARIO GEOGRÁFICO POPULAR ESPAÑOL

Camilo José Cela
De la Real Academia Española
La Bonanova
Palma de Mallorca

La ciencia de la geografía nos exige a todos la mayor seriedad en las transcripciones verdaderas, al margen de cualquier otra consideración; con esto quiere señalarse que, en las respuestas al presente cuestionario (que siempre figurarán anónimas), no debe omitirse ningún apodo, aunque pudiera parecer insultante, ni ningún refrán o copia, aunque contenga palabra mal sonante u ofensiva.

No dude usted en añadir cualquier otro dato que juzgue de interés, empleando para ello el presente cuestionario (al dorso) o una o varias cuartillas supletorias.

Se ruega que el presente cuestionario sea rellenado a máquina o, de no ser ello posible, con letras mayúsculas.

Se ruega asimismo que, una vez cubierto, se remita a la dirección que figura en el encabezamiento.

1. Localidad Pedroso 2. Ayuntamiento y Provincia Narón - La Coruña
3. Comarca natural 4. Administración de Correos Ferrol

5. ¿Cuál es el nombre o los nombres que reciben los naturales de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son madrileños o madrileñeses.)

Los habitantes de esta localidad se llaman pedroreses.

6. ¿Cuál es el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto, los habitantes de la localidad?

(En el sentido en que los de Madrid son gatos o ballenatos.)

7. ¿Conoce el apodo o los apodos que reciben, en su conjunto los habitantes de alguna localidad diferente a la suya? Sirvase transcribirlo, con el nombre del pueblo a que se refiere.

En un lugar (localidad) próximo a este llamado Sedes, el apodo de los habitantes (Es, d'o trece) porque hay una feria por días 13 de cada mes.

8. ¿Conoce algún refrán, dicho o copia en que figure el nombre de la localidad, o el nombre o el apodo de sus habitantes? Sirvase transcribirlo.

En esta localidad, se venera la imagen de la Virgen de la O, una romería que se celebra en la capilla del mismo nombre, el segundo domingo del mes de mayo, a la que acuden millares de romeros, portando sus velas y ofrendas a la virgen.

Esta localidad pertenece a la provincia de La Coruña, ayuntamiento de Narón a 15 kms. de El Ferrol del Caudillo, ciudad en la cual trabajan muchos de los habitantes de este pueblo, posee estación de ferrocarril en la línea del ferrocarril de la costa Ferrol-Gijón y a 5 kms. de la carretera general de Ferrol - Gijón.